

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

911 *Real decreto lei 2/2017, do 27 de xaneiro, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os danos causados polos últimos temporais.*

Durante os últimos días do mes de novembro e primeiros do mes de decembro de 2016, especialmente os días 3, 4 e 5, producíronse precipitacións persistentes e de elevada intensidade que afectaron principalmente a costa occidental da provincia de Málaga e o litoral das provincias de Cádiz e Huelva, con acumulacións de entre 130 e 140 l/m², así como nas provincias de Castellón, Valencia e Alicante, con acumulacións de entre 130 e 170 l/m².

Como consecuencia do temporal de choiva activáronse o Plan especial por inundacións da Comunidade Autónoma de Andalucía, así como os plans de emerxencia municipais nesas tres provincias e o Plan de autoprotección do aeroporto de Málaga-Costa do Sol.

Posteriormente, desde o pasado 17 de decembro sucedéronse, tanto no levante peninsular como en Illes Balears, precipitacións persistentes e de elevada intensidade, de ata 200 litros/m², acompañadas de forte vento e temporal marítimo.

Este episodio tivo consecuencias sobre a poboación nas comunidades autónomas Valenciana, da Rexión de Murcia e de Illes Balears, así como nas provincias de Almería e Albacete. Foron especialmente graves na Rexión de Murcia. Nesa comunidade autónoma, desde o pasado 17 de decembro rexistráronse máis de 2.400 incidentes relacionados coas intensas precipitacións.

Máis recentemente, entre o 15 e o 23 de xaneiro de 2017 producíronse diferentes episodios de fortes nevadas, choivas, ventos e fenómenos costeiros que afectaron as comunidades autónomas Valenciana, de Illes Balears, de Cataluña e da Rexión de Murcia, así como a provincia de Albacete. Na Comunidade Autónoma de Illes Balears o vento chegou a acadar nalgúns refachos os 130 km/h e a precipitación de choiva os 130 l/m².

Á parte das perturbacións polo corte de estradas e a interrupción do servizo ferroviario, así como pola da subministración eléctrica, os principais danos centráronse nas zonas costeiras, sobre todo en praias e paseos marítimos, e tamén na produción agraria.

Malia ser aínda pronto para facer unha valoración completa de danos, pódese destacar que houbo que lamentar a perda de vidas humanas e multitude de actuacións de rescate e evacuación por parte das forzas e corpos de seguridade do Estado, así como cortes na subministración de servizos esenciais, danos en vivendas e vehículos, desbordamento de ríos e danos en estradas.

Por outra parte, durante os días 6 e 7 de xullo de 2016 produciuse un forte pedrazo na provincia de Badajoz, fundamentalmente nos municipios de Don Benito, Villanueva de la Serena, La Haba, Villar de Rena, Valverde de Mérida, Miajadas, Campanario, Bienvenida, Solana de los Barros e Novelda, que tamén provocou cuantiosos danos. A Xunta de Extremadura valorounos en máis de 10.000 hectáreas danadas, con perda do 100% da colleita en 5.198,34 hectáreas e perdas valoradas en máis de 11.700.000 euros, así como cuantiosas perdas de xornais no campo e na industria.

A magnitude da emerxencia, as medidas necesarias para subvir a grave perturbación das condicións de vida da poboación, o pleno restablecemento dos servizos públicos esenciais e, en definitiva, a recuperación da normalidade nas zonas afectadas xustifican a intervención da Administración xeral do Estado, desde o principio de solidariedade interterritorial e de maneira subsidiaria, complementando as actuacións que, en exercicio das súas competencias, teñen encomendadas as administracións territoriais.

Neste sentido, a Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema nacional de protección civil, prevé que, cando se produza unha emerxencia cuxa magnitude requira para a súa recuperación a intervención da Administración xeral do Estado, se aplicarán as medidas

recollidas no seu capítulo V, logo da súa declaración de acordo co procedemento previsto no artigo 23.

Pola súa vez, o artigo 24 do citado texto legal recolle a relación de medidas que se poderán adoptar cando se produza a mencionada declaración, nos termos que aprobe o Consello de Ministros.

Por último, a disposición derradeira segunda da Lei 17/2015, do 9 de xullo, prevé a habilitación específica ao titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social para desenvolver as medidas de natureza laboral e de seguridade social.

Na súa virtude, de conformidade co disposto nos artigos 23 e 24 e na disposición derradeira segunda da Lei 17/2015, do 9 de xullo, por proposta da vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia e para as Administracións Territoriais e dos ministros de Facenda e Función Pública, do Interior, de Fomento, de Emprego e Seguridade Social, de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, e de Economía, Industria e Competitividade, o Consello de Ministros, nas súas reunións dos días 9 e 23 de decembro de 2016, acordou a declaración de zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil das provincias de Cádiz, Huelva, Málaga, Castellón, Valencia e Alicante polo episodio de choivas de finais de novembro e primeiros de decembro, da provincia de Badajoz polo pedrazo do mes de xullo e da Comunidade Autónoma Valenciana, da Rexión de Murcia e de Illes Balears, e das provincias de Almería e Albacete, polas inundacións producidas desde o 17 e ata o 23 de decembro de 2016.

Os graves danos xerados nas poboacións mencionadas determinan a extraordinaria e urxente necesidade da aplicación das medidas contidas nos referidos acordos do Consello de Ministros do 9 e 23 de decembro de 2016, e no propio real decreto lei, tamén ás comunidades autónomas Valenciana, de Illes Balears, de Cataluña e da Rexión de Murcia, así como da provincia de Albacete, como consecuencia dos temporais de nevadas, choivas, ventos e fenómenos costeiros acaecidos entre o 15 e o 23 de xaneiro de 2017.

Adicionalmente ás medidas adoptadas nos mencionados acordos, en aplicación do principio de solidariedade interterritorial e ao igual que nas ocasións en que foi necesario actuar con carácter urxente ante situacións de alteración grave das condicións de vida da poboación nunha área xeográfica determinada, co fin de executar aquelas medidas cuxa adopción require unha norma con rango de lei, adóptase este real decreto lei.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta da vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia e para as Administracións Territoriais e dos ministros de Facenda e Función Pública, do Interior, de Fomento, de Emprego e Seguridade Social, de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, e de Economía, Industria e Competitividade, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de xaneiro de 2017,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto lei ten por obxecto a adopción de medidas complementarias ás recollidas no Acordo do Consello de Ministros do 9 de decembro de 2016 polo que se declaran determinadas provincias zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil, como consecuencia de inundacións e pedrazo, e se adoptan medidas para reparar os danos causados, e no Acordo do Consello de Ministros do 23 de decembro de 2016 polo que se declaran zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil, como consecuencia das inundacións acaecidas desde o día 17 de decembro de 2016, as comunidades autónomas Valenciana, da Rexión de Murcia e de Illes Balears e as provincias de Almería e Albacete, e se adoptan medidas para reparar os danos causados.

2. Como consecuencia dos episodios de nevadas, choivas, ventos e fenómenos costeiros acaecidos entre o 15 e o 23 de xaneiro de 2017, ás comunidades autónomas Valenciana, de Illes Balears, de Cataluña e da Rexión de Murcia, así como á provincia de

Albacete, aplicaráselles as medidas contidas neste real decreto lei e nos acordos do Consello de Ministros do 9 e 23 de decembro de 2016 mencionados no punto anterior.

3. O Goberno, mediante real decreto, poderá declarar a aplicación das medidas previstas neste real decreto lei e nos acordos do Consello de Ministros do 9 e 23 de decembro de 2016 a outras situacións de emerxencia que poidan acaecer en calquera parte do territorio nacional desde a súa entrada en vigor ata a finalización do mes de xuño de 2017.

Artigo 2. Axudas destinadas a paliar danos persoais, en vivenda e enxoval, en establecementos industriais, mercantís, agrarios, marítimo-pesqueros, turísticos e doutros servizos, en explotacións agrícolas e gandeiras, e por prestacións persoais o de bens de persoas físicas o xurídicas.

1. A destrución ou danos en enxoval, e os danos na vivenda serán obxecto de axudas segundo o establecido no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, polo que se determinan as subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica, e se establece o procedemento para a súa concesión.

Co obxecto de acreditar a titularidade sobre os inmobles afectados polos sinistros admitirase como medio de proba calquera documento que demostre a dita titularidade, como os recibos de pagamento do imposto sobre bens inmobles ou outros de análoga natureza.

2. No caso de danos a establecementos industriais, mercantís, agrarios, marítimo-pesqueros, turísticos e doutros servizos, cando o interesado fose indemnizado polo Consorcio de Compensación de Seguros con aplicación da franquía prevista no artigo 9 do Regulamento do seguro de riscos extraordinarios, aprobado mediante o Real decreto 300/2004, do 20 de febreiro, poderase conceder unha subvención de ata o 7 % da contía dos danos indemnizables producidos polo sinistro, ata o importe máximo de 8.000 euros recollido no artigo 28 do Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, sen que, en ningún caso, a suma desta subvención e a indemnización que corresponda aboar en concepto de seguro, ou calquera outra subvención ou axuda pública ou privada, supere o valor do dano ou prexuízo producido. Nestes casos, o interesado deberá presentar unha certificación expedida pola súa entidade aseguradora acreditativa de que esta non aboou en todo ou en parte o importe correspondente á franquía legal aplicada polo Consorcio de Compensación de Seguros.

3. Serán igualmente obxecto das axudas establecidas nos artigos 27 e 28 do Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, os titulares de explotacións agrícolas e gandeiras que, tendo pólizas amparadas polo Plan de seguros agrarios combinados e estando situadas no ámbito de aplicación sinalado no artigo 1, sufrisen danos en elementos afectos á explotación que non sexan asegurables, entendéndose como tales os enumerados no artigo 4.2 da Orde INT/672/2015, do 17 de abril, pola que se desenvolve o artigo 2.4 do Real decreto lei 2/2015, do 6 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados polas inundacións e outros efectos dos temporais de choiva, neve e vento acaecidos nos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2015.

Nestes casos, poderase conceder unha subvención de ata o 70 % dos danos valorados por un perito colexiado, ata un importe máximo de 8.000 euros, sen que, en ningún caso, a suma desta subvención e calquera outra subvención ou ingreso público ou privado a que se teña dereito poida superar o valor do dano ou prexuízo producido. Cando se trate de camiños, o informe pericial deberá conter, en todo caso, un esbozo dos camiños afectados de acordo coa información rexistrada no Sistema de información xeográfica de identificación de parcelas agrícolas (Sixpac). Poderanse computar como gasto subvencionable os honorarios derivados da elaboración do informe ata un máximo de 300 euros.

Os interesados deberán acreditar a titularidade sobre os elementos danados mediante unha póliza de seguro en vigor amparada polo Plan de seguros agrarios combinados ou mediante calquera outro medio conforme dereito. Para os efectos da posesión dunha

póliza de seguro en vigor amparada polo Plan de seguros agrarios combinados, aceptárase tamén unha póliza da campaña anterior nos danos rexistrados nas explotacións agrícolas e gandeiras para as cales, nas datas do sinistro, non se iniciase o período de subscrición do correspondente seguro, ou este non finalizase e que non formalizasen aínda a póliza para esta campaña, sempre e cando se contratase o seguro para a dita produción e cultivo na campaña anterior. No caso das explotacións gandeiras, para estes efectos exceptúanse as pólizas contratadas de seguros de retirada e destrución de animais mortos na explotación.

Así mesmo, para acreditar o exercicio da actividade empresarial ou profesional, os interesados autorizarán expresamente o órgano xestor para conseguir da Axencia Estatal de Administración Tributaria a información pertinente do Censo de empresarios, profesionais e retedores.

4. As solicitudes para a concesión destas axudas serán tramitadas polas delegacións ou as subdelegacións do Goberno nas comunidades autónomas e provincias afectadas; presentaranse no prazo de dous meses, contados a partir da entrada en vigor deste real decreto lei, e serán resoltas polo ministro do Interior.

5. O disposto no punto anterior será tamén de aplicación ás solicitudes de axudas por danos persoais e ás solicitudes de axudas de persoas físicas ou xurídicas que efectuasen prestacións persoais ou de bens, reguladas no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo.

6. As axudas que se concedan en aplicación do previsto neste artigo financiaranse con cargo aos créditos dos conceptos 471, 472, 482, 771 e 782 da aplicación orzamentaria 16.01.134M «Para atencións de toda orde motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia», dotados con carácter de ampliables no vixente orzamento do Ministerio do Interior.

Artigo 3. *Beneficios fiscais.*

1. Concédese a exención das cotas do imposto sobre bens inmobles correspondentes ao exercicio en que tivese lugar o sinistro, 2016 ou 2017, que afecten vivendas, establecementos industriais, turísticos, mercantís, marítimo-pesqueiros e profesionais, explotacións agrarias e forestais, locais de traballo e similares, danados como consecuencia directa dos sinistros a que se refire o artigo 1 deste real decreto lei, cando se acredite que tanto as persoas coma os bens situados neles tivesen que ser obxecto de realoxamento total ou parcial noutras vivendas ou locais diferentes ata a reparación dos danos sufridos, ou os estragos en colleitas constituían sinistros non cubertos por ningunha fórmula de aseguramento público ou privado.

2. Concédese unha redución no imposto sobre actividades económicas correspondente aos exercicios de 2016 e 2017, para os sinistros que tivesen lugar en 2016, e ao exercicio 2017, para os sinistros que acontecesen en 2017, ás industrias de calquera natureza, establecementos mercantís, marítimo-pesqueiros, turísticos e profesionais cuxos locais de negocio ou bens afectados a esa actividade fosen danados como consecuencia directa dos sinistros, sempre que tivesen que ser obxecto de realoxamento ou se producisen danos que obriguen ao peche temporal da actividade. A indicada redución será proporcional ao tempo transcorrido desde o día en que se producise o cesamento da actividade ata o seu reinicio en condicións de normalidade, xa sexa nos mesmos locais, xa sexa noutros habilitados para o efecto, sen prexuízo de considerar, cando a gravidade dos danos producidos dea orixe a isto, o suposto de cesamento no exercicio daquela, que producirá efectos desde o día 31 de decembro de 2015, cando o sinistro tivese lugar en 2016, e desde o día 31 de decembro de 2016, cando o sinistro acontecese en 2017.

3. As exencións e reducións de cotas nos tributos sinalados nos puntos anteriores comprenderán as das recargas legalmente autorizadas sobre eles.

4. Os contribuíntes que, tendo dereito aos beneficios establecidos nos puntos anteriores, satisfixesen os recibos correspondentes aos citados exercicios fiscais, poderán pedir a devolución das cantidades ingresadas.

5. Estarán exentas das taxas do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico establecidas pola Lei 16/1979, do 2 de outubro, a tramitación das baixas de vehículos solicitadas como consecuencia dos danos producidos polos sinistros, e a expedición de duplicados de permisos de circulación ou de condución destruídos ou extraviados polas ditas causas.

6. A diminución de ingresos en tributos locais que os anteriores puntos deste artigo produzan nos concellos, consellos insulares, cabidos insulares, deputacións provinciais e comunidades autónomas será compensada con cargo aos orzamentos xerais do Estado, de conformidade co establecido no artigo 9 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado mediante o Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

7. Estarán exentas do imposto sobre a renda das persoas físicas as axudas excepcionais por danos persoais concedidas polos acordos a que se refire o artigo 1.

Artigo 4. *Reducións fiscais especiais para as actividades agrarias.*

Para as explotacións e actividades agrarias, realizadas nas zonas afectadas a que se refire o artigo 1 deste real decreto lei, e conforme as previsións contidas no número 4.1.º do artigo 37 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado mediante o Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, e o número 3 do artigo 38 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, o Ministerio de Facenda e Función Pública, á vista dos informes do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, poderá autorizar, con carácter excepcional, a redución dos índices de rendemento neto aos cales se refire a Orde HAP/2430/2015, do 12 de novembro, pola que se desenvolven para o ano 2016 o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido, e a Orde HFP/1823/2016, do 25 de novembro, pola que se desenvolven para o ano 2017 o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido.

Artigo 5. *Réxime de axudas a corporacións locais.*

1. Ás axudas a corporacións locais polos gastos causados para facer fronte a estas situacións de emerxencia non lles será de aplicación a contía prevista nos artigos 22 e 23 do Real decreto 307/2005, do 18 de marzo.

Estas axudas non terán por obxecto as reparacións ou reposicións en infraestruturas recollidas no artigo 6. Non obstante, poderán subvencionarse aquelas actuacións inaprazables que, incidindo no mesmo ámbito de aplicación a que se refire o dito artigo, se levasen a cabo co fin de garantir a vida e seguridade das persoas e o funcionamento dos servizos públicos esenciais. Inclúense entre estas actuacións a evacuación, aloxamento e alimentación de persoas afectadas, a retirada de lodos e areas e a limpeza de vías e espazos públicos que sexan indispensables para os fins descritos.

Para estes efectos exclúense do dito concepto os traballos levados a cabo con medios propios da corporación local, xa sexan materiais, tales como maquinaria ou ferramentas, ou humanos, entendendo por estes o persoal contratado con anterioridade aos feitos causantes. En ningún caso serán subvencionables os gastos de persoal xerados por bombeiros, policía local, protección civil e outros de carácter análogo.

2. As solicitudes para a concesión destas axudas serán tramitadas polas delegacións ou as subdelegacións do Goberno nas comunidades autónomas e provincias afectadas; presentaranse no prazo de dous meses, contados a partir da entrada en vigor deste real decreto lei, e serán resoltas polo ministro do Interior.

3. As axudas que se concedan en aplicación do previsto neste artigo financiaranse con cargo aos créditos dos conceptos 461 e 761 da aplicación orzamentaria 16.01.134M «Para atencións de toda orde motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia», dotados con carácter de ampliables no vixente orzamento do Ministerio do Interior.

Artigo 6. *Cooperación coas administracións locais.*

1. Aos proxectos que executen os concellos, as deputacións provinciais, os consellos insulares, as comarcas, as mancomunidades e as comunidades autónomas uniprovinciais relativos ás obras de reparación ou restitución de infraestruturas, equipamentos ou instalacións e servizos de titularidade municipal incluídos no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e da rede viaria dos consellos insulares e das deputacións provinciais, poderáselles conceder unha subvención de ata o 50 por cento do seu custo, excluídos os traballos levados a cabo con medios propios da entidade local, xa sexan materiais, maquinaria ou persoal.

2. Tales subvencións atenderanse con cargo ao crédito que para estes efectos se habilite, co carácter de incorporable no orzamento do Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais.

3. Facúltase a ministra da Presidencia e para as Administracións Territoriais para establecer o procedemento para a concesión das mencionadas subvencións, así como o seu seguimento e control.

Artigo 7. *Investimentos realizados para reparar os danos incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto lei.*

Aos investimentos realizados para reparar os danos a que se refire este real decreto lei polas entidades locais que cumpran cos requisitos establecidos na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, non lles resultarán de aplicación os números 1, 2, 4, 6 e 7 da disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado mediante o Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Disposición adicional primeira. *Datos persoais.*

O intercambio de datos sobre beneficiarios das axudas e indemnizacións que se concedan, as súas contías respectivas e os bens afectados entre a Administración competente e o Consorcio de Compensación de Seguros, necesario para facilitar a tramitación das axudas e a valoración dos danos, realizarase a través da Dirección Xeral de Protección e Civil e Emerxencias e do Consorcio de Compensación de Seguros, mediante o procedemento que entre ambos establezan.

Disposición adicional segunda. *Créditos orzamentarios.*

1. As medidas referentes a danos en infraestruturas municipais e rede viaria das deputacións provinciais, actuacións no dominio público hidráulico e na costa, na Rede nacional de camiños naturais, danos nas demais infraestruturas públicas e danos causados en explotacións agrícolas e gandeiras previstas nos acordos do Consello de Ministros aos cales se refire o artigo 1, así como os gastos de xestión e o contrato con Agroseguro necesarios para valorar os danos xerados nas producións agrícolas e gandeiras, financiaranse con cargo ao Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria, nos importes que se fixen, logo de informe favorable da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, nas memorias xustificativas das actuacións que se van emprender ou das correspondentes ordes de convocatoria de axudas.

2. O Goberno, por proposta do ministro de Facenda e Función Pública, habilitará os créditos correspondentes nos orzamentos dos departamentos ministeriais afectados, de conformidade co previsto nos artigos 50 e 55 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

3. Malia o anterior, atendendo ás dispoñibilidades orzamentarias existentes nos departamentos ministeriais e entidades dependentes delas, as actuacións poderán ser financiadas con cargo aos seus propios recursos; tramitaranse, se for necesario, as correspondentes modificacións orzamentarias, de conformidade co disposto na Lei 47/2003, do 26 de novembro.

Disposición adicional terceira. *Comisión interministerial de seguimento das medidas de apoio a damnificados.*

1. Créase unha Comisión interministerial para a aplicación das medidas de apoio previstas neste real decreto lei, coordinada pola Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias e integrada, así mesmo, polos representantes dos ministerios de Facenda e Función Pública, do Interior, de Fomento, de Emprego e Seguridade Social, de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, da Presidencia e para as Administracións Territoriais e de Economía, Industria e Competitividade, así como polos delegados do Goberno nas comunidades autónomas afectadas e por un representante do Consorcio de Compensación de Seguros.

2. O seguimento das medidas de apoio previstas neste real decreto lei levarao a cabo a Comisión a que se refire o punto anterior, en coordinación coas autoridades das comunidades autónomas afectadas, a través das delegacións do goberno.

3. Antes do 1 de xullo de 2017, a Comisión elaborará un informe sobre as actuacións levadas a cabo en execución deste real decreto lei.

4. A Comisión quedará extinguida no momento en que se aplicase a totalidade das medidas de apoio previstas neste real decreto lei.

5. O funcionamento da Comisión será atendido cos medios persoais, técnicos e orzamentarios do órgano en que se integra.

6. O seu réxime xurídico axustarase ao previsto en materia de órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto nas regras 13.^a, 14.^a, 23.^a e 29.^a do artigo 149.1 da Constitución, sen prexuízo das medidas adicionais que poidan adoptar as comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de xaneiro de 2017.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY